


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 13:57:04

SAIDA

4362/19



Reclamante:

Expediente. Nº RSCTG 025/2019

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , remitida con data do 22 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. presentou, con data do 22 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na que solicita amparo á Comisión da Transparencia ante a falta de contestación á súa denuncia, presentada na súa condición de concelleiro, por presuntas irregularidades e incumprimento da lexislación vixente do acordo regulador das condicións de emprego do persoal ao servizo do Concello do Carballiño.

O escrito viña acompañado de copia da súa denuncia ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos

supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

O interesado presenta unha reclamación en materia de acceso á información pública, por non ter resposta a unha denuncia presentada ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria. Non existe no presente caso unha solicitude de acceso á información pública non atendida fronte ao que o interesado reclame, senón a presentación dunha denuncia que pode

iniciar un procedemento e no que o reclamante é denunciante, que se rexerá pola normativa en materia sancionadora.

De acordo co anterior, ao non ter por obxecto a reclamación presentada polo Sr. [REDACTED] impugnar a falta de contestación a unha solicitude de acceso á información, senón a falta de contestación a unha denuncia, de conformidade co disposto no artigo 116.c da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a inadmisión da reclamación presentada, por non tratarse dun acto susceptible de recurso en materia de acceso á información pública.

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a falta de contestación á súa denuncia en materia de tramitación de acordo regulador de condicións de emprego de persoal ao servizo do Concello do Carballiño.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019




Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia